



Recomendación dirixida á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Vigo para que se convoque a Asemblea Xeral contemplada no artigo 13.a) do Regulamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

Expediente: V.9.Q/14523/17

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2017

Sr. presidente:

Como vostede sabe nesta institución iniciouse un expediente de queixa como consecuencia do escrito de ██████ referente a diversas irregularidades que se cometen na Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Vigo ao non cumprirse o mandato contido no artigo 13, apartado a) dos Estatutos da Agrupación no que se establece que:

“O presidente deberá presentar cada ano, dentro do primeiro trimestre unha asemblea xeral convocada ó efecto, un balance da súa xestión e propostas de actuación para o próximo exercicio, que será sometida a aprobación da Asemblea e deberá ser aprobada pola maioría dos voluntarios asistentes. Caso de non ser aprobada pola maioría, a Xunta directiva no seu conxunto deberá presentar a súa dimisión e convocarase un novo proceso electoral.”

Coñecemos as razóns exposta por vostedes para non convocar esta Asemblea, razóns que trasladou ao xefe da Área de Seguridade e Mobilidade do concello, e que se inclúen no informe remitido a esta institución.

Na súa resposta manifesta que:

“Ante a renuncia do Tesoureiro ██████ as funcións que este tiña asignadas foron asumidas polo presidente da agrupación sen detrimento ningún destas funcionando con total normalidade.

Tamén debo dicir que o tesoureiro a día de hoxe aínda non deu conta algunha dos seus labores realizados nin entregado todo o material que ten pertencente á Agrupación como así constata no escrito con rexistro de entrada 105 do 10/05/2017 e remitido á Área de Seguridade, feitos polos cales se demorou ao meu pesar a asemblea xeral xa que na miña vontade está o presentar as contas de toda a lexislatura, cousa que non é posible ao faltar o período no que o anterior tesoureiro se facía cargo delas e comprometéndome a realizala coa maior brevidade posible e propoñendo ao novo tesoureiro.”

Ao entender que esa Xunta Directiva foi elixida hai máis de dous anos, sen que se convocara a asemblea que recolle o artigo 13 a), e tendo en conta que a dimisión do tesoureiro se produce en setembro de 2016, é razoable pensar que pasou un tempo suficiente que permite cumprir co mandato estatutario.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Agrupación de Voluntarios a seguinte recomendación:

Ante o incumprimento por parte do presidente da AVVPC de Vigo de convocar a preceptiva asemblea xeral contemplada no artigo 13.a, do Regulamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, recomendámoslle que, previos os trámites oportunos, convoque no menor prazo posible a asemblea prevista no citado artigo.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo